

Texto: **XOSÉ CID CABIDO**
 Tradución: **VITORIA BALLESTEROS**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Narrativa K
 160 páxinas. 14,5x21 cm.
 ISBN 978-84-96957-74-9

Prezo: 17 €

FAKTORIA

 DE LIBROS

ORALMENTE POR LA BOCA

Esta carta enviúselles para traerlle sorte. O orixinal atópase en Nova Inglaterra. Deu tres voltas ao mundo. Enviállas a súa sorte. Chegaralle a sorte nos catro días seguintes á recepción desta carta. Isto non é fantasía. Mande fotocopias a persoas ás que considere que debe dar sorte.



A cidade é un microcosmos que parece rexerse polas súas propias leis. Os seus habitantes aparentan vivir baixo a seguridade que proporciona a rutina diaria. Pero tras esa "normalidade" atópanse, coñécense e crúzanse persoas que viven na fronteira entre o real e o fantástico.

"Oralmente por la boca" é un conxunto de quince historias nas que Cid Cabido narra, maxistralmente, as peripecias dos seres contraditorios que habitan no absurdo. Son relatos que pertencen ás obras orixinais en galego tituladas "Días contados" (1991), "Oralmente pola boca" (1997) e "Fálame sempre" (2003).

XOSÉ CID CABIDO (Vigo, 1959)

Está considerado pola crítica como un dos mellores narradores galegos. Escritor singular, cun marcado estilo propio, dálles voz a personaxes anónimos e cotiás para narrar o absurdo dende un sentido do humor inquietante, ás veces kafkiano. Un humor que bordea a fina folla da navalla mentres amosa a realidade.

Publicou a súa primeira obra, "O intercepto", en 1986, e dende entón colleitou diversos galardóns en distintos xéneros literarios: Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais con "Copenhague", en 1992; Premio Cidade de Lugo de Narrativa en 1994 con "Panificadora", e Premio Blanco Amor de novela en 1999 pola obra "Grupo Abeliano".

"Oralmente por la boca" presenta, por primeira vez en castelán, unha escolma da mellor narrativa de Cid Cabido ao público de fala hispana.